

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE DICIEMBRE DE 2012**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	2
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	3
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	5
4	TEMPERATURA	8
4.1.	Temperatura máxima media mensual.	8
5	Temperatura mínima media mensual.	9
5.1.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 decembro.	10
5.2.	Evolución da temperatura media no período 1961-2012.	14
6	PRECIPITACIÓN	15
6.1.	Precipitación acumulada mensual decembro 2012	15
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	16
6.3.	Días de chuvia en decembro de 2012.	17
6.4.	Evolución da precipitación en decembro de 2012	19
7	VENTO	20
8	RADIACIÓN SOLAR	24
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.	24
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	25
9	RAIOS.	26
	Anexo: Resumo mensual	

Data edición: 21/12/2012.



Mes húmido e cálido en toda Galicia, con frecuentes situacións de suroeste.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de decembro estivo caracterizado en xeral pola persistencia de situación de borrasca atlántica con ventos do suroeste, situacións que nesta época do ano normalmente deixan cantidades importantes de chuvia. De tódolos xeitos esta non foi a situación dos primeiros días.

A xornada do 1 Galicia estivo nunha situación intermedia entre as altas e as baixas presións, con ventos do norte, polo que as temperaturas foron baixas e rexistráronse chuvascos en toda a Comunidade, sendo de neve nas áreas de montaña. Na xornada do 2 Galicia quedou protexida polas altas presións, pero con temperaturas moi baixas e xeadas no interior.

Entre o 3 e o 5 a inestabilidade volveu a ser a nota predominante. As baixas presións situáronse sobre Irlanda e os ventos foron do noroeste, polo que aínda que as temperaturas subiron algo, continuaron en xeral a marcar valores baixos.

Entre o 6 e o 7 tivemos a primeira situación das que finalmente serían as máis frecuentes do mes, é dicir, borrasca atlántica e ventos do sur-suroeste. Polo tanto estas dúas xornadas estiveron caracterizadas de novo polas chuvias, pero tamén polas temperaturas suaves.

As chuvias foron máis cuantiosas na xornada do 6, posto que a do 7 foi de transición cara á unha das dúas situacións anticiclónicas que tivemos en todo o mes. As altas presións estiveron na vertical de Galicia entre o 8 e o 11, ambos inclusive. Foron 4 xornadas de temperaturas baixas, de néboas e xeadas no interior, pero de ceos despexados nas horas centrais do día.

Na xornada do 12 as altas presións deron paso á chegada dunha profunda borrasca, que mantivo a súa influencia sobre Galicia ata a xornada do 16. A borrasca, no seu momento máis álxido, entre o 14 e o 15, chegou a ocupar todo o Atlántico entre as illas dos Azores e Islandia, acadando o seu centro presións menores de 960 mb. Como non podía ser doutro xeito, todo o episodio estivo caracterizado por temperaturas suaves, ventos do suroeste e chuvias xeneralizadas. A maior intensidade rexistrouse entre o 14 e o 15, con temporal tanto de vento como de chuvia en moitos puntos da Comunidade. Compree destacar que na xornada do 14 varias estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia, superaron os 100



mm. de auga recollida en 24 horas. Os refachos de vento tamén superaron os 100 km/h en moitas localidades costeiras, así como en zonas altas do interior.

A xornada do 17 foi transitoriamente estable, rexistrándose moi escasas precipitacións, pero o día 18 unha nova borrasca atlántica achegouse a Galicia, ocasionando de novo a presenza de importantes chuvias e ventos do suroeste. O episodio non foi tan intenso como o anterior, pero aínda así tivemos xornadas con importantes refachos de vento e as chuvias volveron a ser xeneralizadas e de intensidade moderada en moitos momentos.

Os días 22 e 23 tivemos una situación anticiclónica con ventos de sur que deu lugar a un tempo seco en xeral, pero con altas temperaturas, a diferenza do que acontecera co episodio anticiclónico da primeira decena do mes. O día 24 Galicia sufriu novamente o paso dun activo sistema frontal, que arrastrou aire frío e provocou a reaparición da neve nas montañas na xornada do 25.

Para rematar o mes tivemos 3 xornadas relativamente tranquilas, con poucas chuvias e temperaturas suaves, pero o día 29 outra fronte atlántica moi activa volveu a atravesar Galicia durante a mañá, o día 30 quedamos novamente nunha situación intermedia e rematamos o mes cunha nova xornada de suroeste e chuvias persistentes, xeneralizadas e de intensidade moderada na xornada do 31.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

As anomalías de presión, tanto en superficie (figura 1) como en altura (figura 2) amosan con claridade a presenza de presións máis baixas do normal sobre o Atlántico norte, centradas en superficie ao oeste de Irlanda, mentres que en altura teñen unha meirande anomalía sobre o Báltico. Ademais obsérvanse anomalías positivas no sur da península Ibérica e no Atlántico fronte da costa do norte de África. Este dipolo explica a persistencia de situacións de suroeste que se rexistraron durante este mes.



Anomalías de presión a nivel medio do mar Decembro 2012




Figura 1: Anomalías de presión en superficie, decembro de 2012.

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa Decembro 2012




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa, decembro de 2012



3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1971-2000.

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	DECEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.0	11.5	13.7 (1989)	9.0 (1975)
Tª mínima media	9.9	8.9	11.3 (1989)	6.0 (1975)
Tª mínima absoluta	3.9 (día 2)	0.8 (31/12/1975)		
Tª mínima máis alta	15.1 (día 22)	17.6 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.7	14.0	16.1 (1989)	12.0 (1975)
Tª máxima absoluta	17.9 (día 22)	25.6 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	11.9 (día 2)	7.4 (30/12/1971)		
Precipitación acumulada	158	108-136	400 (1978)	21 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	25 (1981)	5 (1988)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, porén para as temperaturas mínimas o mes resultou moi cálido.

A precipitación rexistrada é superior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia tamén é superior ó valor climático agardado.

**SANTIAGO**

	DECEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.7	9.8	12.2 (1989)	7.8 (1990)
Tª mínima media	7.4	6.4	9.6 (1989)	3.8 (1990)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 2)	-2.0 (22/12/1990)		
Tª mínima máis alta	12.3 (día 22)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	12.5	13.2	14.8 (1989)	11.8 (1982)
Tª máxima absoluta	15.3 (día 23)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	10.1 (día 12)	6.0 (09/12/1990)		
Precipitación acumulada	303	208-283	782 (2000)	15(1988)
Días de chuvia (≥1mm)	21	16	28 (2000)	5 (1998)

Comentario: O mes resultou frío tendo en conta as temperaturas máximas. Para as temperaturas mínimas o mes foi cálido. Como resultado disto o mes foi normal para a temperatura media.*
A precipitación rexistrada foi superior ó rango de valores normais, isto mesmo reflíctese no número de días de chuvia neste mes, que resultou húmido.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	DECEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	7.9	7.0	9.8 (1987)	3.7 (1975)
Tª mínima media	4.8	3.6	7.1 (1989)	-0.9 (1975)
Tª mínima absoluta	-2.5 (día 10)	-8.0 (23/12/1975)		
Tª mínima máis alta	10.3 (día 19)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	11.7	10.3	12.9 (1989)	7.4 (1980)
Tª máxima absoluta	17.5 (día 23)	22.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	4.7 (día 11)	1.0 (16/12/1988)		
Precipitación acumulada	169	107-131	510 (1978)	18 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	27 (2000)	5 (1974)

Comentario: Mes cálido para as temperaturas mínimas e medias, e mesmo moi cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada foi superior ó rango de valores normais polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia tamén foi superior ó valor climático agardado.

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	DECEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.1	10.1	13.4 (1989)	7.9 (1975)
Tª mínima media	8.4	5.9	10.2 (1989)	2.7 (1975)
Tª mínima absoluta	1.5 (día 2)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	13.8 (día 22)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	14.4	14.3	16.6 (1989)	12.6 (1973)
Tª máxima absoluta	18.9 (día 23)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	10.7 (día 12)	7.2 (11/12/1983)		
Precipitación acumulada	403	198-265	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	20	15	28 (2000)	4 (1988)

Comentario: Tendo en conta as temperaturas mínimas o mes resultou moi cálido, mentres que para a temperatura máxima o mes resultou normal, isto fai que para as temperaturas medias o mes resulte cálido.

A precipitación é moi superior ó rango de valores normais. Destaca tamén, o número de días de chuvia, que superou en 5 ó valor climático agardado.

OURENSE

	DECEMBRO 2012	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.1	8.5	11.9 (1989)	5.1 (1980)
Tª mínima media	5.7	4.3	8.7 (1981)	0.7 (1988)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 10)	-6.0 (31/12/1980)		
Tª mínima máis alta	11.5 (día 21)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	13.6	12.7	14.6 (2000)	9.1 (1980)
Tª máxima absoluta	19.4 (día 22)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	7.2 (día 2)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	143	87-123	405 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	14	12	23 (2000)	2 (1988)

Comentario: O mes de decembro en Ourense destácase pola normalidade nas temperaturas mínimas e medias, mentres que o mes resulta cálido para as máximas.

A precipitación rexistrada foi superior ó rango de valores normais, polo que o mes foi húmido con número de días de chuvia que tamén superiores ó valor climático agardado.

4 TEMPERATURA

As temperaturas medias durante este mes movéronse entre a normalidade dalgúns puntos e as temperaturas altas na meirande parte do territorio. Isto é debido a que, aínda que nos primeiros días tivemos chegada de masas de aire frío, os baixos valores desas xornadas víronse compensados polo posterior predominio das masas de aire húmidas e cálidas.

4.1. Temperatura máxima media mensual.




Figura 3: Mapa de temperatura máxima media do mes de decembro de 2012.



5 Temperatura mínima media mensual.




Figura 4: Mapa de temperatura mínima media do mes de decembro de 2012.



5.1. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000 decembro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de decembro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables, nas estacións meteorolóxicas pertencentes á rede de observación de MeteoGalicia. As anomalías máis altas están moi próximas ós +2°C.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Sambreixo	Guitiriz	Lugo	1.9
Bóveda	Bóveda	Lugo	1.8
Monte Aloia	Tui	Pontevedra	1.8
Areas	Tui	Pontevedra	1.7
Foz	Foz	Lugo	1.5
Mourelle	Sarria	Lugo	1.5
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	1.5
Guitiriz	Guitiriz	Lugo	1.5
Coto Muíño	Zas	A Coruña	1.3
Cariño	Cariño	A Coruña	1.3

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de decembro de 2012.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media			
con respecto ao período 1971-2000			
Estación	Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Xares	A Veiga	Ourense	-0.9
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.8
Lira	Carnota	A Coruña	-0.6
Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	-0.4
Simes	Meaño	Pontevedra	-0.3
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.3
Corzos	A Veiga	Ourense	-0.2
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-0.2
Corrubedo	Ribeira	A Coruña	-0.1
Ancares	Cervantes	Lugo	-0.1

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de decembro de 2012.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas, na rede de estacións de MeteoGalicia, con respecto ao período climático 1971-2000.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2012 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 23 foi a que presentou as temperaturas máis elevadas neste mes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
23/12/2012	Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	22.6
23/12/2012	Lourenzá	Lourenzá	Lugo	20.5
23/12/2012	Borreiros	Viveiro	Lugo	20.0
23/12/2012	Vigo	Vigo	Pontevedra	20.0
22/12/2012	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	19.8
23/12/2012	Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	19.7
23/12/2012	Foz	Foz	Lugo	19.7
22/12/2012	Remuíño	Arnoia	Ourense	19.7
23/12/2012	Vilamor	Mondoñedo	Lugo	19.6
23/12/2012	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	19.5

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2012 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
23/12/2012	Casaio	Carballada de Valdeorras	Ourense	15.5
23/12/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	14.7
22/12/2012	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	13.6
23/12/2012	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	13.0
23/12/2012	Xurés	Muiños	Ourense	12.8
23/12/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	12.7
23/12/2012	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	12.7
23/12/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	12.6
07/12/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	11.6
23/12/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	11.1

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2012 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2012 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2012				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
02/12/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-7.8
02/12/2012	Xares	A Veiga	Ourense	-6.8
11/12/2012	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-6.3
02/12/2012	Corzos	A Veiga	Ourense	-5.4
02/12/2012	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.3
02/12/2012	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-4.8
02/12/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	-4.1
02/12/2012	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-3.9
02/12/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	-2.4
02/12/2012	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.4

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2012 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2012				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	Estacion	Concello	Provincia	TA (°C)
11/12/2012	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-8.0
11/12/2012	Baltar	Baltar	Ourense	-6.8
02/12/2012	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-6.6
11/12/2012	Tioira	Maceda	Ourense	-6.4
02/12/2012	Montederramo	Montederramo	Ourense	-5.2
10/12/2012	Mourelle	Sarria	Lugo	-5.1
10/12/2012	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-5.1
11/12/2012	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-4.9
02/12/2012	Oímbra	Oímbra	Ourense	-4.7
10/12/2012	Bóveda	Bóveda	Lugo	-4.5

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2012 altitude inferior a 1000m.



5.2. Evolución da temperatura media no período 1961-2012.




Figura 6: Evolución da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para decembro.




Figura 7: Anomalía da temperatura media ó longo do período 1961-2012 para decembro.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en toda a Comunidade por riba dos valores agardados neste mes, que de por si son valores elevados. Polo tanto o mes pódese considerar chuvioso debido á persistencia das situación de borrasca e ventos de suroeste, que chegan moi cargados de humidade.

6.1. Precipitación acumulada mensual decembro 2012




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de decembro de 2012.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de decembro de 2012.



6.3. Días de chuvia en decembro de 2012

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 17 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de decembro de 2012.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de decembro.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2012			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	709
Muralla	Lousame	A Coruña	663
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	658
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	634
Pereira	Forcarei	Pontevedra	565
Coto Muiño	Zas	A Coruña	548
Cespón	Boiro	A Coruña	524
Castrove	Poio	Pontevedra	524
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	516
A Armenteira	Meis	Pontevedra	504

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2012.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	234	13/12/2012 10:00
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	226	13/12/2012 11:50
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	205	13/12/2012 8:00
Muralla	Lousame	A Coruña	199	13/12/2012 8:10
Pereira	Forcarei	Pontevedra	189	13/12/2012 10:30
Castrove	Poio	Pontevedra	174	13/12/2012 10:40
Areas	Tui	Pontevedra	167	13/12/2012 11:30
Entrimo	Entrimo	Ourense	153	13/12/2012 13:30
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	148	13/12/2012 15:20
Cespón	Boiro	A Coruña	140	13/12/2012 9:10

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2012.



6.4. Evolución da precipitación en decembro de 2012




Figura 11: Evolución da precipitación acumulada en decembro respecto ó período 71-00.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en decembro respecto ó período 71-00.











7 VENTO

A xornada do 14 de decembro foi especialmente ventosa en moitas localidades galegas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
31/12/2012	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	142.2
14/12/2012	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	132.9
31/12/2012	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	131.5
14/12/2012	Casaio	Carballada de Valdeorras	Ourense	130.3
29/12/2012	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	128.2
14/12/2012	Muralla	Lousame	A Coruña	126.8
14/12/2012	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	126.1
29/12/2012	Burela	Burela	Lugo	125.2
14/12/2012	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	123.0
14/12/2012	Serra do Eixe	O Barco del Valdeorras	Ourense	122.3
14/12/2012	O Viso	Redondela	Pontevedra	122.1
14/12/2012	Ancares	Cervantes	Lugo	120.5
20/12/2012	Xares	A Veiga	Ourense	117.8
14/12/2012	Lardeira	Carballada de Valdeorras	Ourense	116.1
14/12/2012	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	115.3
21/12/2012	Cariño	Cariño	A Coruña	114.1
21/12/2012	Fragavella	Abadín	Lugo	113.8
14/12/2012	Lira	Carnota	A Coruña	110.7
14/12/2012	Malpica	Malpica	A Coruña	109.9
19/12/2012	Lobeiras	Corcubión	A Coruña	108.5
14/12/2012	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	107.5
14/12/2012	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	105.7
29/12/2012	Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	104.6
29/12/2012	Sálvora	Ribeira	A Coruña	102.9
16/12/2012	Xurés	Muiños	Ourense	101.2
14/12/2012	Amiudal	Avión	Ourense	100.4
21/12/2012	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	100.1

Táboa 9: Rexistros do refacho máximo superiores aos 100 km/h no mes de decembro de 2012.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	110.7	SO	5		
		Día 14				
Punta Candieira	Cedeira	142.2	SO	4		
		Día 31				
Malpica	Malpica	109.9	SO	1		
		Día 14				
Río do Sol	Coristanco	115.3	SO	2		
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de decembro de 2012 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	125.2	SO	5		
		Día 29				
Ancares	Cervantes	120.5	S	7		
		Día 14				

Táboa 11: Resumo vento no mes de decembro de 2012 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	101.2	SO	13		
		Día 16				
Alto do Rodicio	Maceda	87.3	SO	5		
		Día 14				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	84.8	SO	21		
		Día 29				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de decembro de 2012 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de montes	105.7	S	9		
		Día 14				
Ons	Bueu	99.6	S	2		
		Día 19				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de decembro de 2012 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de decembro de 2012.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou un total de 65 raios en Galicia, a maior parte deles o día 14. Na figura 15 móstrase a distribución dos raios neste mes



Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en decembro de 2012.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en decembro de 2012.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 12

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima	Media hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																										
A Gándara	9.1	11.0	13.4	22	7.5	2.9	9	315	53.3	13	259	92	98	81	22	60	342	32	128	970	26	0				
Aldea Nova	10.0	12.3	16.3	23	8.0	3.4	2	224	29.8	14	194	87	96	76	19	52	337	16	81	986	24	0				
Cespón	11.1	14.1	16.7	17	8.5	1.7	9	524	98.2	13	498	89	97	75	24	66	362	10	87	1015	28	0				
CIS Ferrol	11.4	14.2	17.6	23	8.9	2.4	10	180	25.7	3	102	89	99	73	24	66	375	13	81	1016	22	0				
Corrubedo	11.9	13.8	15.4	23	9.9	4.7	2	196	30.2	31	149	86	96	74	25	69	401	21	86	1016	25	0				
Coruña	12.0	14.7	17.9	22	9.9	3.9	2	158	23.4	14	-	77	88	64	-	-	-	-	-	-	-	-	19	0		
Costa	10.2	13.1	15.7	23	7.7	0.7	9	348	65.7	14	--	85	93	72	-	-	-	-	-	-	-	-	25	0		
Coto Muiño	9.0	12.2	14.5	17	6.0	-1.9	2	548	82.4	13	-	93	99	79	-	-	-	-	-	-	-	-	28	4		
Fontecada	9.2	11.9	13.9	14	7.0	0.7	2	634	136.1	14	589	92	98	80	22	60	363	16	85	976	27	0				
Guísamo	10.4	13.2	16.7	23	8.2	2.7	2	147	22.3	14	--	78	87	66	-	-	-	-	-	-	-	-	22	0		
Lesende	10.6	13.1	15.2	14	8.3	2.5	2	365	71.5	19	323	84	91	72	23	63	359	-	-	-	-	-	25	0		
Lira	11.3	12.8	14.2	17	9.8	6.4	2	202	36.2	19	131	89	96	78	23	63	369	33	111	-	-	24	0			
Lobeiras	13.0	14.1	15.4	21	11.5	8.3	9	-	-	--	-	84	93	72	23	62	356	30	109	-	-	-	0			
Mabegondo	10.5	14.0	17.5	23	7.3	-1.5	9	119	22.1	14	64	83	91	71	30	83	425	10	74	1008	24	2				
Malpica	11.1	13.1	16.5	22	9.2	5.1	9	204	29.7	24	160	84	93	73	28	77	406	28	110	999	22	0				
Marco da Curra	7.2	9.4	14.3	23	5.4	2.2	9	228	34.0	14	173	92	98	82	23	62	362	19	107	943	23	0				
Melide	8.1	11.5	16.7	23	5.4	-1.9	2	325	74.7	14	293	89	97	73	23	64	357	9	65	964	26	3				
Muralla	7.6	9.4	12.0	14	6.0	2.8	1	663	113.8	14	499	95	98	90	16	45	295	30	127	942	27	0				
O Val	11.0	14.0	17.3	23	8.4	0.8	10	272	38.0	31	-	81	91	67	-	-	-	-	-	1011	22	0				
Olas	8.2	11.1	14.4	23	5.8	-0.3	2	208	39.6	14	-	91	98	78	22	59	353	-	-	-	-	-	26	1		
Paramos	8.8	11.4	13.8	14	6.4	0.3	9	497	140.2	14	-	88	94	78	-	-	-	-	-	976	25	0				
Pazo de Galegos	9.8	12.9	16.9	23	7.1	-1.4	2	275	63.8	14	176	84	91	71	15	42	282	-	-	993	22	3				
Punta Candieira	10.5	12.3	16.3	23	8.9	6.3	1	168	26.8	14	--	78	90	66	23	62	405	39	142	989	24	0				
Raído-Arzúa	8.5	11.7	16.6	23	5.6	-2.7	2	351	85.2	14	--	90	97	75	-	-	-	-	-	976	28	3				
Río do Sol	8.0	10.4	12.4	14	6.1	2.7	9	290	52.7	14	267	94	99	84	19	54	315	27	115	956	26	0				
Rus	10.4	13.7	16.0	22	7.4	-1.0	9	232	42.6	14	-	85	92	70	-	-	-	-	-	1003	22	3				
Sabón	12.2	14.6	17.6	23	10.0	3.4	2	151	23.6	14	97	76	85	65	23	63	390	21	87	-	-	20	0			
Sálvora	13.0	14.4	15.7	22	11.5	7.6	9	240	34.0	14	179	85	93	74	27	76	428	28	103	-	-	24	0			
Santiago-EOAS	9.7	12.5	15.3	23	7.4	0.5	2	303	64.8	14	267	93	100	80	0	0	368	13	90	990	26	0				
Sergude	9.4	12.6	16.7	23	6.8	-0.8	2	242	50.5	14	-	92	99	78	18	49	320	-	-	-	-	-	24	1		
Serra da Faladoira	7.8	9.9	15.3	23	6.1	3.5	1	193	37.4	14	171	92	98	82	24	67	388	27	100	951	23	0				
Xanceda	8.6	11.2	14.7	23	6.3	1.1	2	203	54.5	14	-	87	94	75	-	-	-	-	-	-	-	-	22	0		

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 12

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
Lugo																							
A Pontenova	8.5	11.1	18.7	23	6.1	-0.2	2	113	37.2	14	-	87	97	71	24	67	386	-	-	-	22	1	
Abradelo	6.7	9.4	16.7	23	4.3	-0.9	9	202	67.2	14	-	81	93	67	29	80	423	-	-	-	21	4	
Alto de Cerredo	5.6	7.9	15.5	23	3.9	0.6	1	210	76.6	14	--	88	96	78	-	-	-	-	-	909	24	0	
Alto do Faro	6.0	8.4	15.2	23	3.9	-0.5	11	203	64.3	14	-	91	98	79	-	-	-	-	-	923	0	2	
Alto do Poio	3.9	5.9	12.7	23	2.1	-2.4	2	242	63.1	14	-	86	96	74	-	-	-	-	-	-	28	5	
Ancares	3.3	5.7	12.7	23	1.2	-4.1	2	160	36.1	14	121	83	93	68	24	67	398	26	120	865	23	12	
Bóveda	7.2	11.1	18.3	23	4.1	-4.5	10	139	52.0	14	-	87	95	71	23	64	395	-	-	-	24	5	
Burela	9.7	11.7	17.0	23	8.0	5.2	1	93	17.0	14	55	80	93	68	30	83	458	22	125	968	19	0	
Campus Lugo	7.9	11.7	17.5	23	4.8	-2.5	10	169	51.6	14	127	87	95	71	24	67	397	7	54	971	24	7	
Castro R. de Lea	7.5	10.8	17.1	23	4.8	-3.4	9	125	37.3	14	-	89	97	76	22	61	386	-	-	970	29	7	
Conchada	6.7	9.8	15.6	22	4.2	-1.8	2	122	37.4	14	-	84	94	70	24	67	419	-	-	-	22	3	
Corno do Boi	6.6	8.9	13.6	23	4.8	1.0	9	272	67.5	14	237	94	99	83	24	67	380	21	93	-	26	0	
Courel	6.2	9.4	18.0	23	3.8	-2.0	2	212	56.6	14	180	82	94	67	24	65	369	9	88	931	23	3	
Fontaneira	5.5	8.1	16.0	23	3.5	-0.1	2	235	81.5	14	128	91	98	80	23	63	394	-	-	-	21	1	
Foz	11.3	14.4	19.7	23	8.4	1.2	9	83	16.4	14	-	79	91	65	34	94	467	-	-	-	19	0	
Fragavella	7.5	10.0	14.8	23	5.2	-0.8	9	230	52.0	14	204	88	96	76	23	63	402	27	114	948	28	4	
Guitiriz	7.0	9.5	15.0	23	5.1	1.6	1	191	34.6	14	154	93	99	82	22	62	361	17	78	--	26	0	
Labrada	6.8	9.2	13.9	23	4.9	1.0	10	351	61.2	14	323	90	97	79	22	60	347	-	-	-	25	0	
Lanzós	7.2	10.4	16.3	23	4.3	-4.5	10	251	41.9	14	--	87	94	74	-	-	-	-	-	963	23	7	
Lourenzá	10.7	14.4	20.5	23	7.0	-1.9	9	132	44.6	14	-	77	90	62	-	-	-	-	-	-	26	3	
Marroxo	7.4	10.3	16.9	23	4.9	-2.1	11	119	38.9	14	78	83	93	69	30	84	435	10	68	946	23	3	
Millara	8.6	12.6	18.6	22	5.8	0.0	11	185	57.9	14	-	89	99	71	-	-	-	-	-	-	21	1	
Mourelle	7.6	11.9	18.6	23	3.7	-5.1	10	155	48.2	14	127	85	96	68	23	64	391	-	-	971	23	7	
O Cebreiro	2.6	5.1	10.0	22	0.7	-3.9	2	316	100.1	14	284	97	100	87	25	70	388	19	84	871	27	13	
O Xipro	6.6	9.5	17.7	23	4.2	-1.2	9	144	47.5	14	118	85	96	71	25	69	410	15	86	928	25	2	
Olveda	6.9	10.0	13.7	23	4.6	-1.3	11	192	55.3	14	158	89	97	77	28	77	431	-	-	-	25	3	
Pedro Murias	12.0	14.9	22.5	23	9.2	3.2	9	90	18.9	14	29	71	83	59	35	95	452	17	78	1013	19	0	
Penedo do Galo	8.4	10.4	15.8	23	6.7	3.9	1	156	33.3	14	-	83	93	70	27	73	401	-	-	-	23	0	
Pol	7.1	10.1	17.3	23	4.8	-0.1	2	150	46.2	14	-	87	96	73	26	71	412	-	-	-	24	1	
Portomarín	7.8	11.2	16.6	23	5.0	-1.7	9	158	45.8	14	-	85	94	71	17	47	323	-	-	968	25	7	
Sambreixo	7.5	11.0	16.7	23	4.4	-4.3	10	195	55.6	14	-	88	95	74	24	66	395	-	-	-	27	7	
San Clodio	8.0	12.2	16.7	22	4.9	-1.4	10	130	44.6	14	-	87	97	67	-	-	-	-	-	991	23	6	
San Fiz	8.3	11.6	16.8	23	5.7	-1.2	11	194	61.6	14	157	84	93	69	24	68	414	-	-	974	22	3	
Sobrecedo	8.3	11.7	16.5	22	5.5	-1.1	11	181	58.5	14	-	84	93	70	-	-	-	-	-	973	20	3	
Ventosa	6.3	9.2	17.5	23	3.5	-1.9	2	171	42.5	14	130	79	92	63	30	82	421	17	98	914	22	5	
Vilamor	10.7	14.3	19.6	23	7.2	-1.5	9	166	45.2	14	126	75	86	61	28	77	405	-	-	-	21	3	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 12

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada	
Ourense																							
A Mezquita	4.2	7.3	10.4	23	1.4	-6.3	11	241	86.2	14	208	87	95	73	32	90	465	11	65	904	21	9	
A Trabe	6.0	8.8	13.1	21	3.8	-2.1	11	183	106.0	14	150	86	93	74	27	77	429	-	-	931	18	5	
Alto do Rodicio	5.2	7.5	13.4	23	3.2	-1.6	2	243	73.1	14	141	93	100	80	28	77	402	20	87	908	23	2	
Amiudal	7.8	10.6	14.9	23	5.5	-0.7	11	330	102.7	14	275	87	96	75	34	95	471	15	100	956	21	1	
As Petarelas	6.7	10.9	16.6	22	3.6	-3.1	2	143	49.6	14	-	81	93	62	23	63	455	-	-	-	23	7	
Baltar	6.0	10.3	13.9	22	2.1	-6.8	11	154	64.9	14	115	80	90	62	33	91	500	11	74	928	23	10	
Cabeza de Manzaneda	1.3	3.3	11.1	23	-0.8	-7.8	2	220	82.2	14	--	85	95	70	23	64	424	32	126	825	23	22	
Calvos	5.2	9.4	15.0	23	1.4	-8.0	11	213	78.1	14	--	92	99	74	-	-	-	-	-	-	23	11	
Casaio	5.0	7.7	15.5	23	2.6	-1.5	2	135	71.6	14	--	76	91	56	-	-	-	-	-	-	20	7	
Corzos	3.5	7.0	14.7	23	0.4	-5.4	2	138	40.6	14	--	87	96	71	-	-	-	-	-	-	24	11	
Entrimo	6.8	10.0	16.4	23	4.3	-0.8	2	379	120.0	14	-	86	94	72	26	73	415	-	-	-	24	1	
EVEGA Leiro	8.6	14.0	19.8	22	5.1	-1.1	10	230	73.2	14	-	90	97	69	-	-	-	-	-	1009	27	6	
Gandarela	7.8	11.0	16.2	23	5.3	-1.1	11	126	44.2	14	93	84	93	71	30	83	496	12	85	949	22	1	
Lardeira	2.4	5.3	13.0	23	0.2	-5.3	2	118	65.0	14	--	85	95	70	24	67	442	29	116	839	19	14	
Larouco	7.2	11.3	16.3	22	4.1	-4.1	11	109	52.1	14	-	79	90	61	-	-	-	-	-	-	20	7	
Laza	6.5	10.3	14.9	7	3.8	-3.0	11	159	55.4	14	128	90	97	73	23	64	410	-	-	-	23	6	
Monte Medo	7.1	10.4	14.9	22	4.6	-3.5	11	162	47.2	14	-	87	97	70	27	74	425	-	-	-	20	5	
Montederramo	5.4	8.8	16.6	23	2.3	-5.2	2	288	96.0	14	-	83	94	67	-	-	-	-	-	910	19	8	
O Invernadeiro	4.1	7.5	11.6	7	1.5	-4.8	2	291	72.3	14	249	88	95	75	26	72	425	8	70	903	25	9	
Oímbra	6.9	11.4	15.4	21	2.9	-4.7	2	103	53.2	14	--	86	95	68	-	-	-	-	-	978	17	8	
Ourense	9.1	13.6	19.4	22	5.7	-0.5	10	143	46.8	14	-	83	95	62	-	-	-	-	-	-	19	3	
Ourense-Ciencias	9.7	13.4	18.7	22	6.7	0.2	11	108	35.3	14	74	83	95	66	26	72	416	4	45	1002	21	0	
Pazo de Fontefiz	8.4	11.5	16.3	22	5.9	-1.8	11	259	82.6	14	219	83	90	70	23	64	382	-	-	973	20	3	
Ponte Boga	8.3	12.1	18.5	23	5.4	-2.1	2	198	80.7	14	-	77	88	62	-	-	-	-	-	966	21	5	
Prado	9.0	13.2	18.1	24	6.0	0.2	2	169	46.9	14	--	87	94	69	-	-	-	-	-	-	21	0	
Remuíño	8.5	13.4	19.6	22	5.4	-1.5	2	282	81.4	14	-	93	98	74	-	-	-	4	47	-	27	5	
Riós	5.5	9.1	14.4	7	2.8	-4.3	11	148	58.0	14	125	94	100	78	15	42	356	-	-	-	23	8	
San Xoán de Río	4.6	7.6	13.6	22	2.3	-2.3	11	128	43.3	14	58	91	98	76	31	85	428	16	81	903	25	8	
Serra do Eixe	3.8	6.3	12.6	23	1.6	-2.4	2	135	47.5	14	--	85	95	70	--	--	380	22	122	881	21	9	
Tioira	6.8	11.0	16.1	23	3.1	-6.4	11	196	64.2	14	--	85	94	67	-	-	-	-	-	-	18	7	
Verín-Vilamaior	6.9	10.5	14.4	7	4.2	-2.8	2	121	50.0	14	92	89	97	73	24	67	402	6	51	958	23	5	
Verín-Vilela	6.4	11.7	16.1	7	2.2	-6.6	2	101	46.3	14	-	91	98	70	23	65	410	4	42	-	24	10	
Viana do Bolo	5.6	9.2	13.3	21	2.5	-5.1	10	124	44.3	14	94	84	94	68	31	87	462	11	77	923	22	8	
Xares	1.2	3.5	10.9	23	-0.9	-6.8	2	143	64.4	14	--	83	95	68	21	57	400	-	-	825	21	20	
Xares	1.2	3.5	10.9	23	-0.9	-6.8	2	143	64.4	14	--	83	95	68	21	57	400	-	-	825	21	20	
Xinzo	6.7	10.5	14.7	22	3.5	-4.9	11	139	55.5	14	107	87	95	72	32	90	490	-	-	-	23	8	
Xurés	5.3	8.0	12.8	23	2.9	-1.5	2	218	85.2	14	104	89	99	74	32	90	498	21	101	899	22	4	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2012 Mes: 12

Provincia Estación	Tª °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h		Presión Media hPa	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha máxima		Choiva	Xeada		
Pontevedra																								
A Granxa	9.8	13.9	19.5	23	6.6	-2.2	2	369	83.2	14	323	86	92	70	21	58	336	-	-	-	-	20	3	
Areas	10.3	13.6	18.7	23	7.5	0.4	2	480	111.6	14	-	89	97	73	-	-	-	-	-	-	-	23	0	
Areeiro	11.2	13.9	17.9	23	8.6	2.7	9	390	64.7	14	--	83	93	68	--	--	--	-	-	-	-	22	0	
As Eiras	10.9	14.1	18.4	23	8.1	0.8	2	404	77.4	14	364	87	96	72	23	65	398	-	-	-	-	23	0	
Caldas de Reis	9.8	12.5	16.1	23	7.7	1.6	2	298	58.6	14	--	92	99	77	25	68	380	-	-	-	988	23	0	
Camanzo	9.6	12.9	18.1	23	6.6	-1.5	10	280	69.3	14	--	83	92	69	-	-	-	-	-	-	995	24	4	
Castro Vicaludo	9.1	11.0	13.4	23	7.4	2.1	2	325	54.2	13	221	91	98	81	20	55	364	25	131	964	22	0		
Castrove	9.3	11.3	14.9	23	7.6	4.1	12	524	109.7	13	--	91	97	82	25	70	396	--	85	969	24	0		
Cequelíños	9.6	12.8	17.6	23	6.8	0.7	11	266	67.2	14	224	95	100	77	31	85	463	-	-	-	-	23	0	
Corón	12.1	14.2	16.6	23	9.8	4.0	2	303	42.8	14	251	83	92	71	24	66	408	17	87	1018	21	0		
Entenza	10.0	13.9	19.5	23	7.1	-0.9	2	325	85.2	14	291	92	100	75	25	69	411	-	-	-	-	27	1	
Fornelos de Montes	7.4	9.6	13.9	23	5.6	2.0	2	658	147.4	14	376	91	97	82	23	65	366	22	106	938	24	0		
Illas Cíes	12.6	14.3	16.0	24	11.0	6.9	2	279	39.8	14	224	84	93	72	29	81	442	20	105	-	-	22	0	
Louredo	9.3	11.8	15.3	23	6.8	0.4	2	442	95.8	14	-	88	94	77	-	-	-	-	-	-	992	21	0	
Lourizán	11.1	14.7	18.9	23	8.4	1.5	2	403	63.8	14	351	89	95	70	24	67	387	5	61	1015	24	0		
Meder	10.3	13.7	19.2	23	7.4	0.4	11	247	62.0	14	--	83	91	68	-	-	-	-	-	-	1004	19	0	
Monte Aloia	8.7	11.2	15.4	23	6.8	2.4	2	408	85.9	14	293	89	94	80	24	67	394	13	91	964	23	0		
Mouriscade	7.9	11.4	14.9	23	4.6	-4.2	2	273	80.6	14	242	85	90	76	30	84	461	9	66	961	29	8		
O Viso	9.9	12.9	17.4	23	7.8	3.3	9	275	46.9	14	184	88	95	75	28	77	416	18	122	989	22	0		
Ons	11.5	13.2	14.8	24	9.8	5.6	2	210	35.6	14	154	86	94	74	30	82	442	26	100	1007	24	0		
Pereira	7.2	9.8	14.1	23	5.2	0.4	9	565	130.6	14	-	96	100	86	27	74	406	-	-	-	937	27	0	
Queimadelos	9.1	11.5	16.5	23	7.1	2.8	2	399	81.6	14	366	92	97	83	11	31	291	5	53	978	22	0		
Rebordelo	8.7	12.1	16.3	23	5.8	-1.5	9	497	87.8	14	-	89	97	74	27	74	382	-	-	-	978	27	5	
Sanxenxo	12.0	14.5	17.0	23	9.7	2.9	2	336	45.0	14	286	83	93	70	27	75	411	9	73	1017	22	0		
Serra do Faro	5.0	7.0	10.5	23	3.4	-0.1	2	293	82.5	14	271	96	100	89	20	56	347	27	90	905	25	1		
Soutomaior	10.4	13.4	18.2	23	8.1	3.4	11	438	96.1	14	--	82	89	70	-	-	-	-	-	-	-	19	0	
Torrequintás	11.1	14.3	17.8	23	8.2	1.3	9	264	55.4	14	212	82	90	68	27	75	385	-	-	-	1012	25	0	
Tremoedo	11.1	14.2	17.0	23	8.3	1.5	2	315	57.9	14	--	82	90	68	--	--	--	-	-	-	-	22	0	
Vigo	11.6	14.8	20.0	23	9.2	3.5	2	281	58.6	14	-	87	97	71	-	-	-	-	-	-	-	20	0	
Vigo-II Marinas	12.6	15.0	19.5	23	10.5	5.3	2	217	44.0	14	162	77	88	64	31	85	431	10	82	1018	22	0		
Xesteiras	7.1	9.1	12.3	23	5.5	2.0	1	709	147.6	13	-	92	95	85	-	-	-	30	133	-	-	28	0	

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.